



#Pobreza28M

#EuSiVoto

#YoSiVoto

## CONCELLOS AO SERVIZO DAS PERSOAS

### Propostas EAPN Galicia contra a pobreza e a exclusión social perante as Eleccións Municipais 28 de maio de 2023

Os concellos son a administración pública na que máis se percibe a inxusta realidade das persoas que na nosa comunidade malviven na pobreza ou na exclusión social.

Non hai día en que as persoas profesionais ou voluntarias de concellos ou das organizacións de acción social deixen de corroborar esta emerxencia na que a un de cada catro cidadáns galegas (25,2% no 2021) se lles nega o seu dereito a unha vida digna e á súa inclusión social e laboral.

Seguimos a constatar o incumprimento de dereitos fundamentais recoñecidos na Declaración Universal de Dereitos Humanos ou na nosa Constitución, cun especial agravamento no dereito ao acceso a unha vivenda digna e accesible.

Para moitas galegos e galegas, segundo o concello onde nazan ou vivan, tampouco se cumpre o dereito a participar na vida política, económica, cultural e social, do que fala o noso Estatuto de Autonomía, nin o acceso á servizos básicos educativos, sanitarios e sociais.

Non se cumpre especialmente para as 237.769 persoas en situación de pobreza severa (aquelas con ingresos máximos de 530€ mensuais nun fogar dunha persoa ou de 1.112€ en fogares de dous adultos e dous nenos ou nenas). Esta poboación incrementouse no tempo, pasando de supoñer o 7,1% no ano 2017 a ser o 8,8% no ano 2021.<sup>1</sup>

**Agrávase a feminización da pobreza.** Dun total de 678.000 persoas que no 2021 estaban en pobreza ou exclusión social, 311.000 eran homes (12.000 menos que no 2020 e 0,9 puntos por debaixo), mentres que 367.000 eran mulleres (8.000 máis que no 2020 e 0,7 puntos por riba). Esta problemática afecta, especialmente, **aos fogares monomarentais** (o 54,3% están en risco de pobreza ou exclusión) e ás **mulleres maiores soas**.

É urxente e vital para o futuro de Galicia **loitar contra o empobrecemento da infancia e a mocidade** así como **evitar a súa transmisión interxeracional** e que o 80 % das nenas, nenos e adolescentes que hoxe viven en familias na pobreza estean condenados a sufrila o resto da súa vida, así como as súas fillas e fillos. No 2021 o 34%

<sup>1</sup>As medidas de política social do goberno e a Xunta evitaron que 127.000 galegas e galegos entraran na pobreza coa COVID 19. Por que frear? <https://eapn-galicia.com/as-medidas-de-politica-social-do-goberno-e-a-xunta-evitaron-que-127-000-galegas-e-galegos-entraran-na-pobreza-coa-covid-19-por-que-frear/>

estaba en risco de pobreza e exclusión, case nove puntos sobre a porcentaxe que rexistran as persoas adultas (25,4%).

## A emerxencia do acceso á vivenda

As eleccións municipais celébranse cando é evidente tanto o impacto da elevada inflación e a suba dos prezos da enerxía e bens de primeira necesidade, como especialmente as enormes dificultades de acceso a unha vivenda digna, axeitada e accesible. Non só nas persoas en pobreza severa ou relativa, senón tamén nas de clase media e media baixa.

Lamentablemente, temos que reiterar o que dixemos no Parlamento de Galicia e expresar a nosa frustración e ata impotencia por **non estarmos sendo capaces de transmitir coa gravidade que merece a situación de emerxencia residencial na que viven milleiros de familias galegas**. O elevado gasto en vivenda nin digna nin accesible está a actuar como un aspirador de rendas que as obriga a priorizar gastos, incluso na calidade da alimentación, e impide de facto o éxito nos procesos e medidas de inclusión social.

O berro "A vivenda é o primeiro!", que todos os días escoitamos nas nosas organizacións membro, segue sen ser escoitado coa importancia que merece na Xunta de Galicia, en moitos concellos e mesmo na FEGAMP. **Non admitimos a excusa de que nos concellos apenas poden facer nada porque non teñen competencias en vivenda**, cando unha grande parte da súa poboación está a sufrir por esta causa.

## As persoas non son culpables da súa pobreza

As eleccións do 28 de maio celébranse no medio dun aumento dos **prexuízos, estereotipos, intolerancia e ata desprezo e aprofobia** ás persoas en pobreza ou exclusión.

O Parlamento de Galicia **aprobou por unanimidade** o 17 de outubro de 2020, Día Internacional para a Erradicación da Pobreza, unha Declaración Institucional<sup>2</sup> que dende as 152 organizacións integradas na Rede Europea contra a Pobreza e a Exclusión Social (EAPN Galicia) cremos que debe ser de obrigado cumprimento en calquera programa electoral e nas novas corporacións municipais.

*"As persoas non son culpables da súa pobreza. Non o son as nenas e nenos nin as súas nais e pais. Tampouco o son da súa exclusión as persoas con discapacidade, migrantes, refuxiadas ou da comunidade xitana, as mozas e mozos tuteladas ou as privadas de liberdade.*

---

<sup>2</sup> <https://www.parlamentodegalicia.gal/Actualidade/3146/declaracion-institucional-do-parlamento-de-galicia-con-motivo-do-dia-internacional-para-a-erradicacion-da-pobreza-2020/>

***Ningún é culpable do seu sufrimento.*** Non o son as mulleres vítimas de violencia de xénero. Nin calquera persoa pola súa orientación ou identidade sexual.

***Ningunha persoa é inútil.*** Sexa moza, desempregada, xubilada ou sen fogar. Teña a idade que teña, e teña as capacidades que teña.

*Os poderes públicos temos a responsabilidade de garantir a igualdade de todos os cidadáns, poñendo en marcha as medidas necesarias para reducir as desigualdades sociais, combater a discriminación e favorecer o respecto, a tolerancia e a participación activa de todas as persoas."*

## **Compromiso, Coordinación e loita contra as Causas: así se reduce a pobreza**

Nesta mesma Declaración, as propias persoas en risco de pobreza e baixo lemas como «*As persoas primeiro*» ou «*Somos persoas, non expedientes*», resumen as nosas demandas **en tres principios**:

- Loitar contra as **causas** da pobreza e a desigualdade, moi lonxe do asistencialismo e asegurando a igualdade de dereitos e unha inclusión social activa baseada na garantía de ingresos (mediante o emprego digno ou rendas mínimas áxiles);
- **Compromiso** en orzamentos e planificación a medio e longo prazo;
- **Coordinación** política e técnica entre as administracións e organizacións especializadas que reduza drasticamente a **burocracia**.

**Cando se avanza nestes tres principios, como se fixo ante a crise social motivada pola pandemia da COVID-19, os resultados son evidentes:** Grazas ás medidas extraordinarias de política social implantadas para combater os efectos da pandemia, tanto do goberno central (ERTE, IMV, etc.) como da Xunta de Galicia (RISGA, Tarxeta Básica, etc.) ou da maioría dos concellos e as organizacións do Terceiro Sector, evitouse que a taxa de pobreza se elevara nun mínimo de 4,9 puntos (ata ao 25,1%), 127.000 persoas.

Aínda que con moitas diferenzas entre concellos e deputacións, dende as pasadas eleccións municipais **temos constatado avances**: aumento de orzamentos, programas de inclusión social innovadores como a Tarxeta Básica, simplificación burocrática ou boas prácticas de coordinación dentro dos concellos ou entre administracións, co fito da posta en marcha da **Axenda Social de Galicia** entre a Xunta de Galicia, FEGAMP e as entidades do Terceiro Sector de Acción Social representadas por EAPN Galicia.

Avanzamos tamén na **mellora da información dispoñible para o deseño de políticas e medidas contra a pobreza** e a exclusión, así como para avaliar a súa eficiencia e o compromiso político. Dende a xa consolidada información do **gasto**

**real executado por cada concello** na Partida de Protección e Promoción Social<sup>3</sup>, ata o recente *Atlas de distribución de renda de los hogares*, que ofrece **información desagregada a nivel municipal e de barrio** sobre renda media, pobreza relativa e severa, pobreza infantil e desigualdade<sup>4</sup>.

## COMPROMISO COAS PERSOAS

**Na vindeira lexislatura é factible diminuír a taxa de persoas que se atopan en risco ou situación de pobreza e exclusión** nos concellos galegos (25,1% da poboación no 2021), contribuíndo así a que no ano 2030 se vexa reducida ao 14%, tal e como recolle nas súas metas o Plan Estratéxico Galicia 2022-2030.<sup>5</sup>

Para acadar este obxectivo, ademais do compromiso xenérico de **aumentar a partida de Actuacións de Protección e Promoción social como mínimo nun 20% sobre o gasto executado no 2021**, propoñemos a todas as persoas candidatas ás vindeiras eleccións municipais do 28 de maio a asunción dos seguintes 5 principios xerais e 8 prioridades:

### 5 principios

**1. Garantir o respecto á dignidade das persoas en risco de pobreza ou exclusión.** Fomentando a súa participación, asegurando que as súas voces son escoitadas e difundindo mensaxes positivas de logros, situacións de autonomía e empoderamento das persoas e as súas problemáticas sociais, non illadas.

Realizar actuacións de formación e implicación da cidadanía na **loita efectiva contra a culpabilización, aporofobia, mágoa, compaixón** e calquera tipo de prexuízo ou discurso do odio, segundo o recomendado polo Parlamento de Galicia.<sup>6</sup>

**2. Persoas atenden a persoas. Aplicar o enfoque de Inclusión Activa non asistencialista**, garantindo que calquera persoa en pobreza ou exclusión sexa atendida de inmediato no concello cun **servizo de primeira atención para tentar dar solución inmediata** ou -de non ser posible- derivar -derivar á profesional de referencia que facilite o seu acceso áxil ás prestacións sociais, á vivenda e ao emprego nun prazo máximo de *10 días hábiles*.

**Avanzar no fortalecemento dos Servizos Sociais Comunitarios**, garantindo a ratio dunha profesional por cada 8.000 habitantes, procurando que estea integrada nunha **Unidade multidisciplinar de Intervención Social** (municipal ou

<sup>3</sup> <https://serviciotelematicosext.hacienda.gob.es/SGFAL/CONPREL>

<sup>4</sup> [https://www.ine.es/dyngs/INEbase/es/operacion.htm?c=Estadistica\\_C&cid=1254736177088&menu=ultiDatos&idp=1254735976608](https://www.ine.es/dyngs/INEbase/es/operacion.htm?c=Estadistica_C&cid=1254736177088&menu=ultiDatos&idp=1254735976608)

<sup>5</sup> <https://www.planestratexico2030.gal/presentacion-e-documentos>

<sup>6</sup> <https://www.parlamentodegalicia.gal/Actualidade/3146/declaracion-institucional-do-parlamento-de-galicia-con-motivo-do-dia-internacional-para-a-erradicacion-da-pobreza-2020/>

comarcal) na que se conte con recursos para dar servizo a calquera persoa (con coñecementos en Estranxeiría e Protección Internacional, lingua de signos, xénero, educación e sanidade, etcétera).

3. Fomentar a máxima **coordinación interadministrativa e corresponsabilidade política e técnica** na loita contra a pobreza e a exclusión. Dentro do concello, cos concellos limítrofes, deputacións e FEGAMP, e coa Xunta de Galicia, promovendo a prestación conxunta de servizos, impulsando especialmente o establecido na Axenda Social de Galicia.
4. Normalizar o **diálogo civil coas organizacións do Terceiro Sector de Acción Social** especializadas, creando en cada concello (ou entre varios de xeito mancomunado) unha **Mesa pola inclusión social e o emprego**, que asegure a **participación e coordinación política e técnica** entre todas as institucións e axentes sociais implicados.
5. **Non admitir o lucro na loita contra a pobreza e a exclusión.** Recoñecer a experiencia e valores das organizacións non lucrativas de acción social con enfoque de dereitos e arraigo no municipio, asegurando **o seu papel garante do Sistema público de Servizos Sociais** e que operen en igualdade de condicións con outros actores económicos.

**Implantando cláusulas e concertos sociais na contratación pública** en xeral e, especificamente, en materia de servizos sociais, así como **garantindo axilidade e transparencia no financiamento**: convocatorias ou convenios plurianuais, publicación e resolución no primeiro semestre do ano, difusión inmediata proxectos subvencionados tras a súa resolución, apoio na procura de espazos que favorezan a prestación de servizos, o traballo en rede, o uso de recursos compartidos e a redución de costes de estrutura, etcétera.

## 8 prioridades

1. **A vivenda digna e accesible é o primeiro.** Asegurar actuacións contra a exclusión residencial, fomentando o acceso á vivenda co alugueiro social e a prevención de desafiuzamentos ou a redución da vivenda baleira, e garantindo que os orzamentos destinadas á rehabilitación, accesibilidade ou eficiencia enerxética cheguen aos fogares vulnerables.
  - ✓ **Erradicación do chabolismo e a infravivenda**, aplicando metodoloxías encamiñadas a solucións estables e definitivas, que combinen medidas de realoxamento, acompañamento e apoio social ás familias durante todo o proceso.
  - ✓ **Creación en cada concello dunha oficina ou servizo de vivenda** que asesore e facilite á cidadanía máis vulnerable chegar ás medidas e orzamentos europeos, estatais e autonómicos de acceso á vivenda ou de rehabilitación, accesibilidade ou eficiencia enerxética, asegurando coordinación cos Servizos Sociais para o acompañamento social nos procesos.

- ✓ Promover o **acceso da vivenda privada ao réxime de alugueiro social**, garantindo sempre a máxima protección para as persoas propietarias mediante o financiamento de obras de rehabilitación e seguro multirrisco.
- ✓ Creación dun **parque municipal básico de vivenda para situacións de emerxencia**, así como de **recursos de transición** que garantan a intimidade (persoas sen fogar, vítimas de desafiuzamentos ou de violencia machista, refuxiadas, etc.)
- ✓ **Concretar en cada concello o número e lugar dos solares e vivendas** nas que se planeará, en coordinación coa Xunta de Galicia, a construción ou adquisición de **vivendas públicas para alugueiro social**.
- ✓ Fomentar o **acceso ao mercado inmobiliario das vivendas baleiras**, aumentando a súa fiscalidade ou coa inscrición inmediata no Censo de Vivendas Baleiras da Xunta de Galicia, independentemente das medidas municipais que o complementen e reforcen.
- ✓ **Limitar os permisos para vivenda de uso turístico** nos casos en que prexudiquen as posibilidades de alugueiro residencial.
- ✓ **Asegurar e financiar ás entidades do Terceiro Sector Social** con experiencia en inclusión socioresidencial de poboación vulnerable nos procesos de intermediación inmobiliaria ou enfoque comunitario.
- ✓ Realización dun **registro de infravivendas de aluguer** que carezan das condicións mínimas de habitabilidade para a súa sanción.
- ✓ **Facilitar o empadramento** para as persoas sen fogar, quen non o teñan fixo ou que vivan en infravivenda.
- ✓ Asegurar a coordinación e colaboración institucional co **Plan de persoas sen fogar da Xunta de Galicia**, facilitando censo e datos para centralizar información e implantación de medidas.
- ✓ **Reformular o Imposto de Bens Inmóveis (IBI)** dende unha perspectiva de progresividade. **Aumentando fiscalidade á vivenda baleira** e reducíndoa para persoas con necesidade ou arrendamento con fin social.
- ✓ Crear unha liña de orzamento e **procedemento de prevención do desafiuzamento** que asegure o mantemento da vivenda ante a posibilidade de perda da mesma e sen agardar a que se produzan impagamentos ou mesmo a execución.

## 2. Redución drástica da burocratización extrema e discrecionalidade na aplicación dos procedementos administrativos para facilitar o acceso da cidadanía aos servizos e recursos

- ✓ Crear con urxencia en concellos, deputacións e FEGAMP unha **comisión técnica que asegure a simplificación administrativa**, coherencia, homoxeneización e seguridade xurídica na interpretación da normativa vixente.
- ✓ Comezar por **axilizar e garantir o empadramento para todo tipo de persoas en situación de vulnerabilidade** (migrantes, refuxiadas, sen fogar, etcétera) e, de xeito urxente, a aquelas con nenos, nenos ou persoas dependentes a cargo.

- ✓ **No departamento de Servizos Sociais, garantir** os prazos e requisitos establecidos na Lei 13/2013 de Inclusión Social de Galicia e no Decreto que a desenvolve, para a resolución da RISGA, incorporación ao sistema de Historia Social Única. E normalizar a implicación e colaboración coas organizacións do Terceiro Sector Social.
- 3. Establecer un Plan integral de loita contra a pobreza e pola inclusión residencial, social e laboral das persoas en vulnerabilidade**, como mínimo das recollidas no Artigo 3 da [Lei 10/2013 de inclusión social](#) de Galicia. O Plan contará con obxectivos e indicadores cuantificables e contemplará, especificamente, as seguintes medidas :
- ✓ Implantar un programa de **atención especializada a familias monoparentais** (o 80% encabezadas por unha muller).
  - ✓ **Actuacións de promoción da saúde** que garantan unha cobertura sanitaria universal adaptada ás necesidades e peculiaridades de cada persoa.
  - ✓ Programas de **prevención, promoción e atención á saúde mental** en coordinación con entidades do Terceiro Sector Social e co Sistema Público de Saúde, priorizando aos colectivos máis afectados: infancia, xuventude e persoas en exclusión social.
  - ✓ Actuacións contra **o fracaso escolar**, poñendo en marcha medidas de orientación, reforzo educativo e **programación inclusiva adaptada ás necesidades do alumnado** en risco de pobreza ou exclusión para asegurar que rematan, polo menos, a educación secundaria obrigatoria.
  - ✓ **Impulsar o voluntariado e a participación social**. Especialmente cun programa específico contra a soidade (non só das persoas maiores) que favoreza o acompañamento e a convivencia interxeneracional.
  - ✓ Plans locais con medidas de **fomento da convivencia intercultural**, que creen conciencia sobre o dereito á diferenza, poñan en valor a diversidade e combatan o racismo.
- 4. Loita efectiva contra a pobreza e exclusión en familias con nenos e nenas.** Priorizando en orzamentos a atención profesional urxente e o seguimento individualizado das accións encamiñadas a combater a pobreza infantil.

Dende **enfoques multidisciplinares de éxito contrastado** que actúen na detección, intervención e empoderamento das familias e os seus fillos e fillas, de cara a rachar a "*pobreza hereditaria*". E con atención especial a aquelas persoas con **factores de multiexclusión**: persoas migrantes (en situación administrativa regular ou irregular) ou refuxiadas, persoas racializadas, vítimas de violencia machista, comunidade xitana, discapacidade, mozos ou mozas extutelados, monoparentalidade, etcétera.

Asumimos neste senso as [propostas formuladas pola Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia](#), para que a infancia sexa unha prioridade nas axendas locais.<sup>7</sup>

## 5. A obra pública municipal prioritaria nos orzamentos de investimentos debe ser a accesibilidade e á vivenda digna.

- ✓ Establecer un Plan urxente de Accesibilidade Universal que asegure a liberdade de movementos das persoas con calquera tipo de discapacidade ou dependencia, nas súas vivendas e no seu entorno, de acordo coa Lei 10/2014 de accesibilidade.
- ✓ Incrementar recursos e servizos de **promoción da autonomía persoal e atención á dependencia**, en detrimento da institucionalización residencial, potenciando a vida independente cos apoios necesarios.
- ✓ Promover actuacións que aseguren a liberdade para todas as persoas con mobilidade reducida e creación dunha partida económica específica (entre o 2% e o 5% do orzamento) en investimentos anuais para a eliminación de barreiras arquitectónicas.

## 6. Implantar **medidas de atención e protección das mulleres vítimas de violencia machista**, en especial as que están en situacións máis extremas -trata, prostitución ou exclusión severa-, e implicar a toda a cidadanía na defensa da igualdade de xénero.

- ✓ Recursos e formación especializada en igualdade e violencia de xénero e fomento da inclusión laboral e socioresidencial para vítimas de prostitución e trata.
- ✓ Colaboración municipal estreita coa Policía Nacional no control de pisos privados e establecementos onde se exerza a prostitución.
- ✓ Prohibición e retirada de publicidade sexista e compromiso para unha publicidade municipal comprometida coa igualdade de xénero.
- ✓ Programas para mulleres de orixe estranxeira que fomenten a convivencia e o coñecemento da sociedade. Información e acceso a cursos sobre a violencia machista e os recursos en Galicia.
- ✓ Recursos habitacionais que fomenten a autonomía de mulleres sen fogar, en infravivenda ou exclusión severa, con especial atención no caso de problemáticas de adicción e vítimas de violencia machista.

## 7. Implantar un **programa de emprego municipal para persoas en situación de exclusión** que evite a dispersión de medidas e esforzos e que asegure a coparticipación e coordinación continua coas organizacións do Terceiro Sector Social e coas empresas, así como a integralidade do proceso de inserción sociolaboral: atención persoal e social, orientación, formación prelaboral e laboral, prospección, intermediación, acompañamento, inserción ...

---

<sup>7</sup> <https://infanciagalicia.org/a-infancia-unha-prioridade-para-as-axendas-locais/>



- ✓ Diseñar actuacións específicas para **mozos e mozas que abandonan o sistema educativo** ou con dificultades para manterse no mesmo, ou de familias en situación de pobreza severa. Avanzar na xeración de escolas de segunda oportunidade.
- ✓ Xerar grupos de activación sociolaboral e participación que non estean condicionados por resultados de inserción inmediata e si por obxectivos ligados á **mellora das competencias persoais ou profesionais, fomentando a mellora da capacidade relacional e o benestar psicolóxico**.
- ✓ Potenciar a creación de empresas e **iniciativas de economía social e solidaria** e a súa participación nos procesos de contratación pública municipal.

**8. Manter servizos básicos contra a exclusión territorial e a pobreza rural:** sanitarios, sociais, educativos, transporte ou vivenda e **erradicación da fenda dixital** e de acceso ás novas tecnoloxías.

- ✓ **Defensa dos servizos públicos de educación no medio rural**, asegurando a primacía do dereito á educación das nenas e nenos e das súas familias, unha asignación optimizada de recursos educativos e unha educación que valorice os signos identitarios do rural.
- ✓ **Asegurar a satisfacción das necesidades sanitarias, sociais e sociosanitarias** que garantan a atención dende os servizos sociais e sanitarios especializados. Contando coas propostas e actuación das entidades do Terceiro Sector Social.
- ✓ **Favorecer a renovación da vivenda rural e a súa mobilización**, creando bolsas de aluguer. En especial das de administracións públicas como Educación.
- ✓ **Impulsar servizos sociosanitarios itinerantes** entre concellos que garantan atención continuada e formación en condución para posta en marcha de transporte periódico para asistencia a centros de saúde ou servizos sociais.
- ✓ **Mellorar a rede de transporte público** aumentando a frecuencia, ampliando os horarios das liñas e facilitando un transporte accesible para que todas as persoas.
- ✓ **Fomentar na contratación pública o emprego local digno**, por conta propia ou allea ou coa creación de cooperativas e empresas da economía social, e a **utilización dos recursos do territorio**: residencias, servizo axuda no fogar, comedores escolares, etcétera.